


## Publicidade



(https://www.mundo-r.com/gl/empresas/pemes/solucion-pemes?utm\_source=ecodixital&utm\_medium=display\_cpm&utm\_campaign=solucion\_pymes)

**eco**

REVISTA DO EIXO ATLÁNTICO

VENRES, 24 DE XULLO DE 2020

◀ **ATRÁS** (INDEX.PHP) · ACTUALIDADE (MAIS-NOTICIAS.PHP) · A  
GUÍA DE ECO (GUIA.PHP) · SUBSCRICIÓN (SUSCRIPCION.PHP) ·  
CONTACTO (CONTACTO.PHP)

---

# Exitoso sétimo aniversario do Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial

✎ REDACCIÓN · 🕒 PUBLICADO O 23 DE XULLO DE 2020 · 💬 (0)

Participado polas tres universidades galegas, con sede no Campus Vida da USC e integrado por **95 persoas**, cumpre unha máis ca notable traxectoria: desenvolveu preto de 85 proxectos de transferencia de coñecemento á industria, en sectores como enerxía, materiais, naval e medioambiente. En 2019 facturou sen IVE máis dun millón de euros.

A porcentaxe do orzamento de 2019 procedente do **sector privado** foi dun 69,88%, do que o 68,6% corresponde a entidades españolas, mentres que a porcentaxe do **sector público** foi do 30,1%. O presidente, **Salvador Naya Fernández**, vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia da Universidade da Coruña, coida que “estase converterse nun instrumento crave na cuarta revolución industrial, reúne o coñecemento para a aplicación de tecnoloxías que fan posible todo o potencial da automatización da industria 4.0 e a transformación cara a 5.0”.



A cifra de negocio do Itmati desde a súa creación ascende aos 6.661.943,58 €. En 2019 obtivo unha facturación (sen IVE/IVE) de 1.019.143,72 €, da cal o 87,92% foi captada a través de contratos e proxectos competitivos de transferencia. “Son números espectaculares, xa que o **financiamento público directo, achegada pola Xunta de Galicia, reduciuse en 2019 a un 10,40%**, é dicir, que **por cada euro investido o centro captou máis de 10.**”

Estas cifras permitiron manter con éxito a folla de roteiro marcada: promover a transferencia de tecnoloxía matemática a partir do coñecemento das universidades galegas, e dar respostas eficaces ás demandas das empresas, das industrias e das Administracións Públicas” -

sinalan desde o centro-. As ferramentas de modelización, simulación numérica, modelización estatística (Big Data) e optimización e computación das que fai uso son fundamentais á hora de falar de industria intelixente e dixital “e está chamado a ser un referente para a industria galega, o conxunto da española e a internacional”.

## Contratos con empresas

Toda a súa actividade en 2019 centrouse nas **tres grandes áreas de transferencia do centro**: Simulación Numérica, que representou un 42,3% do total, seguida pola de Optimización cun 34,3% e a de Estatística e Big Data cun 23,2%. Estas tecnoloxías permitíronlle resolver problemas en practicamente **todos os sectores industriais**, destacando, por orde de facturación: **enerxía, materiais, alimentación, automoción, loxística, economía e finanzas e aeronáutica**. As solucións abarcan dende o control de calidade, a simulación e optimización de procesos e recursos, a xestión e axuda na toma de decisións e na planificación de recursos, a explotación da información de grandes bases de datos ou a implementación de algoritmos matemáticos.

Para salvagardar a saúde dos traballadores todo o persoal realizou teletraballo durante o estado de alarma e facilitou o mantemento, reducindo a presencialidade ao mínimo imprescindible. O seu equipo humano realizou un esforzo para manter toda a actividade do centro coa menor incidencia posible e mantivo os compromisos adquiridos cos seus clientes, **incluídos os prazos de entrega nos distintos proxectos e contratos** asinados.



(<http://www.facebook.com/sharer.php?>

u=http%3A%2F%2Fecodixital.com%2Fpost.php%3Fid%3D12188&t=Exitoso-s%3%A9timo-aniversario-do-Instituto-Tecnol%3%B3xico-de-Matem%3A1tica-Industrial)



(<http://twitter.com/home?>

satus=Lendo-Exitoso-s%3%A9timo-aniversario-do-Instituto-Tecnol%3%B3xico-de-Matem%3A1tica-Industrial+en+ECO+Revista+do+Eixo+Atl%3A1ntico%3B-http%3A%2F%2Fecodixital.com%2Fpost.php%3Fid%3D12188)



(<https://plus.google.com/share?url=http%3A%2F%2Fecodixital.com%2Fpost.php%3Fid%3D12188>)